*O Alcalde deste Concello,*
*quere antes de marchar,*
*amañar certo asuntiño,*
*que xa non pode esperar*

*Catro plazas, neste Concello,*
*correndo queren sacar,*
*e as catro xa se sabe,*
*a quen lle van a tocar.*

*A primeira e pa Remedios,*
*e a mais recomendada,*
*senon fose polo Alcalde,*
*o mellor non lle tocaba.*

*Meilán estará contento,*
*que suerte tes, meu amigo,*
*tanto paseo como deches,*
*algo traeria consigo.*

*O Alcalde según dicen,*
*as gracias lle quere dar,*
*e un xamonciño pequeño*
*sei que lle quere mandar*

*A segunda e pa Raul, que xa*
*baila de contento,*
*nunca pensou o rapaz,*
*que chegara este momento.*

*Hay xente que nace de pé,*
*outros nacen en mal dia,*
*a este tocoulle o gordo,*
*sen xogar a loteria.*

*A terceira e pa Gilberto,*
*Pascual non se pode queixar,*
*tanta visita a Farmacia*
*algo lle tiña que dar.*

*Segunda, xa ta chorando,*
*pero chora da alegria,*
*nunca na vida pensou,*
*que chegaria este dia.*

*Solo queda o mais "esclavo"*
*"honrado" e "traballador,"*
*e con plaza fixa tamen,*
*vai a salir o señor.*

*Mira que tiña ansia o rapaz,*
*que hasta enfermo traballaba,*
*en festas e romerias,*
*José Manuel ali estaba.*

*Solo nos queda outro mais,*
*que ten o asunto fodido,*
*pero tou case seguro,*
*que vai acabar metido.*

*Asi termina este conto,*
*de catro privelixiados,*
*que van a ter plaza fixa,*
*o ir os catro enchufados*

*Estes tamén meus amigos,*
*algo teran que levar,*
*que nesta casa os favores*
*sempre os houbo que pagar*

*Esperemos que algún dia,*
*esto se poida acabar,*
*que de rodillas meus amigos,*
*vamos cheos xa de andar.*